

-Teléfono: 986 81 35 56.

-Telefax: 986 81 38 57.

-Data límite de obtención de documentos e información: o día de remate do prazo de presentación de ofertas.

7. Requisitos específicos do contratista:

Clasificación exixible:

Grupo	Subgrupo	Categoría
K	6	D
A	2	C

8. Presentación das ofertas:

-Data límite de presentación: o vixésimo sexto día natural seguinte ao da publicación desta resolución no DOG. Se fose inhábil ou sábado remataría o seguinte día hábil.

-Documentación que hai que presentar: a indicada no prego de cláusulas administrativas particulares.

-Lugar de presentación: 1º Entidade: rexistro xeral da Universidade de Vigo. 2º Enderezo: edificio Xerencia Servizos Centrais, Campus As Lagoas-Marcosende. Localidade e código postal: Vigo 36310.

-Prazo durante o que o licitador estará obrigado a manter a súa oferta: tres meses.

-Admisión de variantes: non se admiten.

9. Apertura de ofertas:

-Entidade: sala de xuntas do edificio de Xerencia Servizos Centrais da Universidade de Vigo.

-Domicilio: Campus As Lagoas-Marcosende.

-Localidade: Vigo.

-Data: o décimo día natural seguinte ao de remate do prazo de presentación de ofertas.

-Hora: 13.00 horas.

10. Gastos de anuncios: serán por conta do adxudicatario.

11. Páxina web onde se poden obter o prego e demais información do expediente:

<http://www.tablon.uvigo.es/contratos/home.asp>

Vigo, 12 de marzo de 2010.

Alberto Gago Rodríguez
Reitor da Universidade de Vigo

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE BECERREÁ

Edicto.

José Regueiro Castro solicitou desta Alcaldía licenza municipal para proxecto de ampliación e legalización de explotación de vacún, que se situará en Ferreiros de Valboa, do municipio de Becerreá. Cumprindo o disposto no parágrafo 3 do artigo 8 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública polo período de vinte días hábiles, co fin de que durante este, que comezará a contarse desde o día seguinte ao da última publicación deste edicto no BOP e no *Diario Oficial de Galicia*, poidan examinar o expediente na Secretaría deste concello as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que coiden oportunas.

Becerreá, 17 de febreiro de 2010.

Manuel Martínez Núñez
Alcalde

CONCELLO DE LAZA

Edicto.

Manuel Gómez González, en nome e representación de *Talleres Chemanel, S.L.* solicitou nesta alcaldía a licenza municipal para a legalización de actividade industrial para taller de reparación de automóbiles no baixo do número 47 da estrada de Vilar de Barrio, en Laza (Ourense).

Para cumprir co que dispón o artigo 8 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, o expediente sométese a información pública durante o prazo de vinte días hábiles, mediante anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, BOP e no taboleiro de edictos do Concello de Laza, para que durante este prazo as persoas que se consideren afectadas dalgún xeito pola actividade que se pretende instalar poidan examinar o expediente na Secretaría deste concello e formular por escrito as reclamacións ou observacións que consideren oportunas.

O prazo de información pública entenderase aberto desde o día seguinte ao da publicación do primeiro anuncio e rematará transcorridos vinte días desde o día seguinte ao da publicación do derradeiro anuncio.

Laza, 17 de marzo de 2010.

José Ángel García Morais
Alcalde